

galicia

dossier de prensa



# Nadal en Rede 2015

XUNTA DE GALICIA

Nadal en Rede 2015  
dossier de prensa



# Nadal en Rede

Chega o Nadal, e a Rede de Dinamización Lingüística (RDL) quere convidar a todos os galegos e galegas a manteren e renovaren a tradición de celebralo en galego.

Por seren estas que agora comezan datas de encontro de amigos e familias, a Rede ofrece este ano dúas actividades de lecer en galego destinadas a encher as vacacións dos máis pequenos e para gozar en familia:

“Cantos contos no Nadal” é un cantacontos participativo para familias con nenos de 2 a 5 anos que ten a música como fío condutor.

A actividade “A cantar con... A Gramola Gominola” está destinada a nenos de 4 a 10 anos que estean dispostos a cantar e a bailar todo tipo de músicas.

Como os mozos e adultos tamén celebran o Nadal, a RDL tráenos “ISistorias de Nadal”, un espectáculo en que o coñecido e televisivo Isi nos ha facer rir co seu particular anecdotario.

O acceso a estas tres actividades dinamizadoras é, coma sempre, libre e de balde ata completar a capacidade das salas que as acollen.

Ademais destas propostas, a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria inclúe, a través do **Nadal en Rede**, recursos para vivirmos as festas en galego aos que se pode acceder desde o Portal da Lingua Galega, [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal).


A novidade deste ano é unha ferramenta que lles permitirá aos pais e nais (ou ben aos servizos de normalización dos concellos que queiran usala) crear unha carta de resposta de Melchor, Gaspar e Baltasar ás misivas redactadas pola xente miúda da casa. Desde o Portal da Lingua Galega tamén se pode acceder a un xerador de postais para felicitar electronicamente as pascuas e o novo ano na nosa lingua; ao Libro dos Reis Magos, para que poidan falar en galego durante a cabalgata; e á carta ás Súas Maxestades, para que os cativos lles escriban aos Reis de Oriente na nosa lingua.

Que gocedes destas datas!



Nadal en Rede 2015  
dossier de prensa

## Actividades



## Cantos Contos no Nadal

A actividade “Cantos contos no Nadal” está guiada polo coñecido cantante Pablo Díaz –referente da música infantil galega, logo do éxito dos seus discos “Tic-Tac”, “Toc-Toc” e “Xente miúda, moita fartura”-, con quen o público colaborará contando historias e con quen aprenderá cancións para repetir na casa, nas longas sobremesas de Nadal, ou mentres se agarda pola chegada dos Magos.

“Cantos contos no Nadal” é un concerto, pero tamén é un contacontos e mais un obradoiro participativo con temas como a familia, a convivencia, o tempo de lecer, os agasallos...

Unha iniciativa que visitará 10 localidades da RDL e coa que os cativos de 2 a 5 anos de idade han gozar canda os seus familiares nestas datas.



### Decembro

Martes 22: **Boimorto**, no PAI (Punto de Atención á Infancia), ás 11:00 horas

Martes 22: **Sobrado dos Monxes**, Casa da Irmandade (Edificio Usos Múltiples), ás 17:30 horas

Mércores 23: **Mesía**, na Casa da Cultura, ás 12:00 horas

Domingo 27: **Cospeito**, na Casa da Cultura da Feira do Monte, ás 18:00 horas

Luns 28: **Mondariz-Balneario**, na Sala de Cultura da Casa do Concello, ás 17:30 horas

Martes 29: **Campo Lameiro**, no Auditorio do Centro Sociocultural Sobrino Buhigas, ás 12:30 horas

Martes 29: **Pontecesures**, no Centro Social, ás 17:00 horas

### Xaneiro


Domingo 3: **Corcubión**, na Casa da Cultura, ás 12:30 horas

Luns 4: **Curtis**, no Edificio Multiúsos, ás 12:00 horas

Luns 4: **Sober**, no Centro Sociocultural, ás 17:30 horas

# Nadal en Rede 2015

dossier de prensa



## "A cantar con... A Gramola Gominola"

"A cantar con... A Gramola Gominola" está protagonizado polo primeiro conxunto de rock infantil galego, aínda que tamén explora o pop, o **reggae** e as baladas do **heavy**, pasando polo **funk**, o **country**, o **blues** ou o **ska**, porque ningún deles se lle resiste ao galego.

Unha proposta didáctica para os máis cativos da casa que os guiará por valores tan esenciais como a amizade, a familia, a importancia de facer deporte e de levar unha alimentación saudable, o estudo, os xogos, e a natureza e os seus recursos.

Percorrerá 10 entidades da Rede de Dinamización Lingüística ata o 4 de xaneiro.



### Decembro

Martes 22: **Dumbría**, na Casa da Cultura de Oliveira, ás 17:00 horas

Mércores 23: **Sarreus**, no Salón do Concello, ás 18:00 horas

Sábado 26: **Muros**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 horas  
Domingo 27: **Laxe**, no Salón de Actos do Concello, ás 19:00 horas

Luns 28: **Cangas**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 horas  
Martes 29: **Monterroso**, no Espazo Cultural Lorenzo Varela, ás 11:00 horas

Martes 29: **Burela**, no Auditorio Municipal, ás 19:00 horas (en colaboración coa Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense)

### Xaneiro

Sábado 2: **A Rúa**, no Centro Cultural Avenida, ás 12:00 horas

Sábado 2: **Celanova**, no Auditorio Ilduara, ás 18:30 horas (en colaboración coa Mancomunidade Intermunicipal Terras de Celanova)

Luns 4: **Verín**, no Pavillón Municipal, ás 17:00 horas

# Nadal en Rede 2015

dossier de prensa



## "ISistorias de Nadal"

"ISistorias de Nadal" é un espectáculo de monólogos destinado a todo tipo de públicos e permitirá apoiar os concellos no seu esforzo por estableceren unha programación cultural e de lecer propia destas datas na nosa lingua. Se algo caracteriza o coñecido Isi, é o partido que este estradense lles tira ás propias vivencias persoais ou ás do seu contorno. Un anecdotario que, aínda cun proceso de ficcionalización evidente, non perde frescura nin naturalidade.



A actividade proposta é, xa que logo, un xeito perfecto de reivindicar a simbiose entre a anécdota popular e a tradición oral, combinadas agora para difundir a lingua galega. Todo isto, co Nadal como pano de fondo.

"ISistorias de Nadal" ha visitar 10 localidades da Rede de Dinamización Lingüística desde o 22 de decembro.

### Decembro

Martes 22: **Melón**, no Multiúsos, ás 18:00 horas

Mércores 23: **Muíños**, na Casa da Cultura, ás 20:00 horas

Sábado 26: **Parada de Sil**, no Xeriátrico Luces do Sil (edificio municipal), ás 17:30 horas

Sábado 26: **Toén**, na Casa da Cultura de San Pedro de Moreiras, ás 21:00 horas

Domingo 27: **Ramirás**, no Centro Sociocultural do Picouto, ás 17:30 horas

Domingo 27: **Bande**, no Salón de Actos do Concello, ás 20:00 horas

Luns 28: **A Bola**, Salón Social do Concello, ás 16:30 horas

Martes 29: **Forcarei**, no Centro Social, ás 19:00 horas

Mércores 30: **Frades**, no Multiúsos, ás 17:30 horas

Mércores 30: **Toques**, no Albergue do Souto, ás 21:00 horas

Nadal en Rede 2015  
dossier de prensa



## Recursos

### Resposta dos Reis

Moi contentos se poñen os Reis Magos cando os nenos e nenas galegos lles escriben na lingua propia de Galicia. E moi contentos se van poñer os cativos cando vexan que agora son Melchor, Gaspar e Baltasar quen contactan con eles... e en galego! Para facilitar este labor, a Rede de Dinamización Lingüística creou esta ferramenta para que pais e nais (e os servizos de normalización dos concellos) poidan elaborar doadamente unha resposta das Súas Maxestades de Oriente ás cartas enviadas pola cativada. Dispoñible no web da Secretaría Xeral de Política Lingüística: [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)



### O libro dos Reis Magos

Para que os Reis Magos, que chegan a Galicia cansos da súa viaxe e sen tempo para preparar unha alocución, poidan dirixirse aos nenos e nenas en galego, a Rede de Dinamización Lingüística preparou este libro de fermosos discursos redactados por 25 escritoras que se poden ler tal cal ou adaptarse ao gusto de cadaquén. O Libro dos Reis Magos, que podedes ver aquí, foi enviado a todos os concellos da Rede. Dispoñible para a súa descarga en [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal).



### Carta aos Reis Magos

Poñemos a disposición dos nenos e nenas galegos un modelo de carta para que lles sexa máis doado escribirlles aos Reis na lingua propia de Galicia. Dispoñible para a súa descarga en [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal).



### Postais en Galego

Un ano máis, podedes enviar por correo electrónico fermosas postais en galego para felicitades o Nadal e o aninovo. Personalizade a postal que máis vos guste desde [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal).



Nadal en Rede 2015  
dossier de prensa



## Xira de Nadal Os Bolechas 2015

Os Bolechas volverán percorrer Galicia coa súa caravana de Nadal nunha xira que os levará por varias localidades da Rede de Dinamización Lingüística durante as vacacións escolares.

A programación de Nadal en Rede vese complementada por esta xira que inclúe obradoiros de debuxo, de cine e de música, ludoteca, sala de ordenadores...

A caravana está composta polo mítico autobús de dúas alturas e o coche, ademais dunha carpa e dos Bolechas corpóreos.

As actividades desenvolveranse, con entrada libre e de balde, en horario de mañá e tarde, e nelas hanse sortear a diario un curso de inglés e un lote de libros. Ao remate da xira celebrarase un gran sorteo final no que a xente miúda se poderá facer cun gran premio integrado por un lote de 100 libros dos Bolechas.



### Decembro

Sábado 26: **Viveiro**, nos Xardíns de Noriega Varela

### Xaneiro

Sábado 2: **Foz**, no CEIP de Foz

Domingo 3: **Verín**, no Pavillón de Deportes

O horario é, en todos os casos, de 12:30 a 14:30 horas e de 16:30 a 20:30 horas.

